

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE HARMONÍA E CONTRAPUNTO I
curso 2022/23

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 e 171/2016 (Arpa))

A presente programación inclúe anexos de adaptación as instrucións do 01/09/21 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2022 -2023.

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
<i>Harmonía e contrapunto I</i>										
ESPECIALIDADES:	Interpretación, Pedagogía					ITINERARIOS:	Todos agás Jazz			
CARÁCTER:	Formación básica					TIPO DE CLASE:	Colectiva			
DEPARTAMENTO:	Composición					XEFE DE DPTO.:	Mª Paz Pita			
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Antonio Peña Fernández			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1.5
ECTS/CUAD.	2								Observacións:	
	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA			
	Antonio Peña Fernández					penafernandez.antonio@gmail.com	Viernes 10 a 11			

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:: Adquisición de coñecementos que faciliten a percepción, a interpretación, a reflexión e a documentación musicais. Estudo do repertorio e do seu contexto estilístico. Desenvolvemento do oído, da escoita, da memoria e da intelixencia musical. Práctica escrita dos diferentes elementos e procedementos harmónicos e contrapuntísticos propios dos distintos períodos da historia da música.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Os propios do remate dos estudos de grao profesional	
COMPETENCIAS	T1, T2, T3, T4
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23
COMPETENCIAS	EI6, EI7, EP1, EP3
Ver a lista e descrición de competencias no DECRETO 163/2015 e 171/2016 (Arpa)	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os principios técnicos e estilísticos da música dende o século XVI até o barroco, representados nos seus principais compositores/escolas/estilos	T2, T2, T4 X1, X8, X11, X13; X15, X22, X23 EI6, EI7, EP1, EP3
Aplicar os coñecementos teóricos na práctica, a través da realización de exercicios de estilo	T1, T2, T3, X2, X8, X11, X13, X15, X21 EI7, EP3
Sintetizar as principais características técnicas e estilísticas dunha obra e argumentar a súa relación coa propia actividade creativa.	T3, T8, X1, E5, E7



4. CONTIDOS		
TEMA	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Contrapunto simple: Modalidade e tonalidade	1.1- O contrapunto de especies a dúas partes 1.2- O contrapunto a máis de dúas partes 1.2-1. Especies e mezcla 1.2-2. Contrapunto libre	8
	1.3- Repaso	1
2. Contrapunto imitativo e invertible	2.1- A imitación Tipos e intervalos máis frecuentes 2.2- O contrapunto invertible Tipos e intervalos máis frecuentes, dobre, triple	6
	2.4- Repaso	1
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición teórico-práctica Exposición do tema que se vai traballar con explicación de conceptos teóricos e mostra de exemplos prácticos: análise e audición de exercicios xa realizados, realización na aula ou obras que sirvan de exemplo, Segundo o caso	3	0	3
Análise de exemplos Análise e audición de obras do estilo que deberán de realizar os estudantes de cara a sintetizar as súas principais características técnicas e estilísticas	1,5	2	3,5
Práctica individual Realización por parte do alumnado de exercicios prácticos do tema en cuestión cun nivel de dificultade progresivo	13	32	45
Corrección individual Corrección persoalizada da práctica individual	3	0	3
Práctica/corrección colectiva Debate sobre a realización de determinados exercicios prácticos ou corrección colectiva de certos exercicios realizados individualmente (análises, etc.). Na pizarra e piano ou proxector con audición.	2	0	2
Actividades de avaliación: Entrega de traballos do curso	0	0,5	0,5
Actividades de avaliación: Traballo final	0	3	3
TOTAL HORAS:			60

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
<p>1. Traballo semanal:</p> <p>Avaliarase de xeito continuo ao longo do cuadrimestre a práctica individual, colectiva e a participación na clase.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade, cantidade e presentación dos traballos realizados e entregados. • Correspondencia entre os traballos realizados na casa e na aula. • Evolución ao longo do cuadrimestre. • Asistencia, puntualidade e actitude na aula (corrección e produtividade). • Participación constructiva nas actividades colectivas. 	Todas	40%
<p>2. Traballo final:</p> <p>Entrega dunha serie de traballos propostos polo profesor</p> <p>Traballos a entregar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Un dúo dun mínimo de 36 compases. - Unha peza a tres voces dun mínimo de 36 compases 	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación do traballo. 	Todas	60%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
<p>Exame:</p> <p>Realización dunha serie de traballos propostos polo profesor, utilizando a linguaxe do contrapunto vocal do século XVI:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Catro exercicios de “especies” a dúas voces. - Dous dúos dun mínimo de 36 compases. - Unha peza a tres voces dun mínimo de 36 compases 	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación do traballo. 	Todas	100%



6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)			
<p>No caso de que no cuadrimestre se superen as catro faltas de asistencia non xustificadas.</p> <p>1. Entrega dun traballo específico:</p> <p>Realización dunha serie de traballos propostos polo profesor, utilizando a linguaxe do contrapunto vocal do século XVI:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dous dúos dun mínimo de 36 compases. - Unha peza a tres voces dun mínimo de 36 compases 	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación do traballo. 	Todas	40%
<p>2. Entrega dos traballos semanais:</p> <p>O alumno deberá entregar todos os traballos semanais realizados durante o curso, que están na aula virtual. A entrega destes traballos é condición imprescindible para superar a materia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación do traballo. 	Todas	60%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
<p>1. Entrega dun traballo específico:</p> <p>Realización dunha serie de traballos propostos polo profesor, utilizando a linguaxe do contrapunto vocal do século XVI:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dous dúos dun mínimo de 36 compases. - Unha peza a tres voces dun mínimo de 36 compases 	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación do traballo. 	Todas	40%
<p>2. Entrega dos traballos semanais:</p> <p>O alumno deberá entregar todos os traballos semanais realizados durante o curso, que están na aula virtual. A entrega destes traballos é condición imprescindible para superar a materia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación do traballo. 	Todas	60%



Observacións:

- Todas as ferramentas de avaliación valoraranse de 0 a 10.
- En todas as ferramentas de avaliación a nota mínima para a valoración final ponderada e de 5.
- Para coordinar a realización e a entrega dos traballos propostos para a avaliación alternativa e convocatoria extraordinaria o alumno contactará obrigatoriamente e por correo electrónico co profesor unha semana antes do inicio das fechas que o centro propón para estas convocatorias.
- É obriga do alumno prestar atención aos exercicios e instrucións que se publiquen na aula virtual, así como o contacto obrigatorio co profesor ao longo do primeiro mes do curso.
- Para obter Matrícula de Honor será preciso obter un 10. En caso de haber dous ou máis alumnos nesta circunstancia será de aplicación a normativa vixente pola que só un de cada 20 alumnos dun mesmo curso pode recibir esta distinción. A decisión neste caso corresponderá ao profesor, que valorará o traballo de todo o cuadrimestre para escoller o mellor candidato.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Referencias básicas

GARCÍA GAGO, J. *Tratado de contrapunto tonal y atonal*. Clivis. 1993

JEPPESEN, K. *Counterpoint: The polyphonic vocal style of the sixteenth century*. Dover. 1992

Referencias complementarias

DE LA MOTTE, D. *Contrapunto*. Labor. 1991

KÜHN, C. *Historia de la composición musical en ejemplos comentados*. Idea Música. 2003

PISTON, W. *Contrapunto*. Labor. 1992

SALZER, F e SCHACHTER, C. *El contrapunto en la composición*. Idea Música. 1999

SCHÖNBERG, A. *Ejercicios preliminares de contrapunto*. Labor 1990